

Área: Administración

Circular nº 05 - Temp. 25/26

Designación Delegado/a Protección

Lei Orgánica de Protección Integral a la Infancia y la Adolescencia frente a la Violencia (LOPVI).

Como sabedes, dende o ano pasado, dende a Secretaría Xeral Para o Deporte da Xunta de Galicia estase a solicitar de xeito obrigatorio a designación dun Delegado/a de Protección dentro de todas as entidades deportivas.

Esta figura ven recollida na LOPVI (Lei Orgánica de Protección Integral a la Infancia y la Adolescencia frente a la Violencia), unha lei que trata de garantir os dereitos de nenos/as e adolescentes e a súa integridade física, psíquica, psicolóxica e moral, protexéndoos/as de calquera tipo de violencia.

A figura do/a Delegado/a de Protección é obrigatoria en todas as entidades que realicen actividades con menores de xeito habitual, e a súa función principal é a de velar polo cumprimento da lei e protexer aos/ás menores dentro do ámbito da entidade á que pertencen. Entre as funcións principais figuran:

- Difundir e asegurar o cumprimento dos protocolos de actuación fronte á violencia.
- Ser un punto de referencia para menores e adolescentes.
- Comunicar situacións de risco.
- Etc...

Debido á gran responsabilidade do/a Delegado/a de Protección e dada a concienciación do Balonmán Galego fronte á violencia no deporte; dende a Federación Galega de Balonmán temos previsto impartir unha formación complementaria (online con dúas xornadas presenciais) para todas as persoas que vaian ocupar este cargo dentro dos diferentes clubs.

Por este motivo, rogamos que **antes do vindeiro luns 11 de agosto de 2025**, a persoa que vaia ocupar o cargo de Delegado/a de Protección dentro do voso club, cubra o formulario que vos achegamos no correo no que vos fixemos chegar esta circular.

En Vigo a 4 de agosto de 2025.